



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Alemán-Galego

Materia	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Alemán-Galego			
Código	V01G230V01935			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Alemán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Montero Küpper, Silvia			
Profesorado				
Correo-e				
Web				
Descrición xeral	- Iniciarase o alumnado na tradución de textos do ámbito servizos culturais na combinación lingüística alemán-galego, de forma que estea capacitado para traducir este tipo de textos cara ó galego con fidelidade comunicativa, lexibilidade, concisión e corrección expresiva.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Dominio de linguas estranxeiras
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
A10	Capacidade de traballo en equipo
A17	Capacidade de tomar decisións
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A21	Rigor e seriedade no traballo
A22	Destrezas de tradución
A23	Uso de ferramentas de tradución asistida
A28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
A29	Formación universitaria específica
A31	Coñecementos de informática profesional e TAC
B1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
B2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
B3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
B4	Resolución de problemas
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Toma de decisións
B8	Compromiso ético e deontolóxico
B9	Razoamento crítico
B12	Traballo en equipo
B14	Motivación pola calidade
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Comprensión doutras culturas e costumes

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Competencias metodolóxicas: desenvolver as habilidades de crítica e autocrítica de traducións; identificar e explotar a potencialidade dos repertorios das culturas implicadas; ampliar os coñecementos teóricos dos ámbitos de servizos culturais e da tradución así como a súa aplicación. Desenvolvemento da creatividade e da inferencia na resolución das situacións tradutivas.	A17	B4
	A18	B7
	A28	B9
		B17
Competencias contrastivas: capacidade para dominar os elementos de discrepancia ortotipográfica, morfosintáctica, discursiva e pragmática; dominar as diferenzas dos mecanismos de coherencia e cohesión e de construción textual das dúas linguas; coñecer a terminoloxía e fraseoloxía específicas.	A1	B2
	A2	B4
	A29	B6
	A31	B16
		B17
Competencias textuais: desenvolver a capacidade para traducir textos do ámbito dos servizos culturais.	A17	B1
	A18	B2
	A21	B4
	A22	B7
	A23	B14
	A29	B15
Competencias profesionais: coñecer o mercado da tradución de textos dos servizos culturais en Galicia para a combinación lingüística alemán-galego e español; desenvolver un autoconcepto de tradutor/a profesional e da súa autoestima; desenvolver a capacidade de tomar decisións; fomentar o dominio dos diferentes aspectos das relacións interpersoais con clientes, iniciadores, destinatarios e informadores; desenvolver a capacidade para superar as fallas tradutivas individuais.		B17
		B22
	A1	B3
	A4	B4
	A8	B7
	A9	B8
	A10	B9
	A17	B12
	A21	B14
	A31	B22
Contidos		
Tema		
1.Ámbito temático: vivir e traballar en D, A ou CH - Textos referenciais dirixidos á cidadanía galega que traten temas do ámbito dos servizo sociais.		
2. Ámbito temático: eventos culturais	<p>- Tradución de textos que se xeran no contexto organizativo dun evento cultural coma p.e. congresos científicos, feiras, certames, exposicións, concertos.</p> <p>Proposta de textos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Presentación de empresas que ofrecen espazos e servizos para acoller diferentes tipos de eventos (encontros, exposicións, cursos...); textos de índole referencial e exhortativo sobre: arquitectura (e historia) do espazo, infraestrutura que se ofrece, servizos técnicos, catering, entorno... 2. Convocatoria de congreso científico Textos: convocatoria de congreso, folleto e procedemento de inscrición, programa e abstracts; correspondencia, aloxamento e turismo (monumentos; paisaxe histórico-cultural , espazo natural, gastronomía... etc.) 3. Encontros musicais internacionais Textos: correspondencia participantes, contratos laborais e seguros transporte de instrumentos musicais; textos informativos sobre agrupacións, compositoras/es, músicas/os, instrumentos, xénero musical; ... 4. Organización de eventos como por exemplo concertos, exposicións, feiras. Textos: relacións públicas e correspondencia, aloxamento, convocatorias; contratos laborais, seguros para obras de arte ou outros obxectos; manuais (de instrución) da entidade de D, A ou CH para as persoas empregadas en Galicia...; catálogos de exposicións, biografías, texto enciclopédico... 	

Xeneralidades

En cada subtema se incluírán aspectos

a. Metodolóxicos:

1. Crítica de traducións. Metalinguaxe. Avaliación e análise de erros.

2. Exercicios de identificación e explotación dos repertorios axeitados das culturas implicadas

b. Contrastivos

3. Ortotipografía, estilística, sintaxe, aspecto discursivo

4. Terminoloxía e fraseoloxía específica

c. Profesionais

5 O mercado da tradución de textos do ámbito servizos culturais

6. Criterios de calidade. □ autotavaliacion, avalacion allea

7. As ferramentas para a tradución deste xénero textual. Fontes de documentación: recursos en liña, textos paralelos, dicionarios. 8. Criterios de selección da fonte de información e dos contidos relevantes.

Correctores lingüísticos.

10. Normas ortotipográficas e de presentación

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	5	10	15
Traballos tutelados	2	10	12
Eventos docentes e/ou divulgativos	1.5	0	1.5
Resolución de problemas e/ou exercicios	6	12	18
Prácticas en aulas de informática	17	45	62
Prácticas autónomas a través de TIC	1	16	17
Traballos de aula	8.5	5.5	14
Actividades introdutorias	1.5	0	1.5
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	4	2	6
Probas de autoavaliación	1.5	1.5	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	As sesións maxistras dedicaranse a explicar os contidos máis teóricos da materia, como a descrición do mercado da tradución do alemán ou a terminoloxía especializada de tradución, así como contidos teóricos fundamentais para desenvolver as tarefas prácticas, como aspectos contrastivos morfosintácticos, estilísticos e pragmáticos entre as dúas culturas e linguas. Malia estaren no apartado de sesións maxistras, as clases serán de índole participativo e estarán apoiadas por un soporte práctico.
Traballos tutelados	Inclúese aquí a encomenda de tradución dun texto alemán que o alumnado debe realizar obrigatoriamente para a avaliación continua. O alumnado contará coa tutela da profesora.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Prevese a asistencia a eventos divulgativos como conferencias ou presentacións de programas de estudo, segundo a programación das actividades da facultade.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realízanse exercicios de tradución, que tentarán reproducir situacións reais, e exercicios de resolución de problemas (dificultades de tradución). Despois da presentación da base conceptual e procedimental nas sesións maxistras, nas horas presenciais farase o traballo previo de análise. A seguir, o alumnado preparará as tarefas pola súa conta. Finalmente, e de novo nas horas presenciais, farase a posta en común e corrección dos resultados. Esta parte terase en conta na avaliación continua.
Prácticas en aulas de informática	A resolución dos exercicios, o traballo previo para a tradución (traballo documental), así como a tradución e a corrección, o traballo de aprendizaxe dalgunhas ferramentas básicas para a tradución faranse nas aulas de informática con acceso a internet.
Prácticas autónomas a través de TIC	Estas actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa práctica da tradución desenvolveranse a través das TIC de maneira autónoma.
Traballos de aula	Consisten en exercicios que se desenvolverán na propia aula. Poden consistir, por exemplo, en exercicios de resolución de problemas tradutivos ou de análise textual.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado (farase un test de nivel de lingua alemá e de tradución), así como a presentar a materia. En especial, explicarase o sistema de avaliación, a bibliografía recomendada e a bibliografía de lectura obrigatoria.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Traballos tutelados	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado tanto en clase como fóra da aula por medio de titorías personalizadas e a través da plataforma TEMA. Deste xeito, o alumnado poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.
Prácticas en aulas de informática	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado tanto en clase como fóra da aula por medio de titorías personalizadas e a través da plataforma TEMA. Deste xeito, o alumnado poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados		30
	Inclúese aquí a encomenda que o alumnado debe realizar obrigatoriamente para a avaliación continua. Entregaráselle á profesora un resumo dos aspectos tradutolóxicos máis importantes da tradución. Data límite de entrega da sinopse: 5 de decembro de 2012.	
Eventos docentes e/ou divulgativos		0
	Prevese o control de asistencia activa mediante un test sobre os contidos dos eventos.	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliarase a resolución dos problemas e exercicios desenvolto na aula ou en casa.	15
Prácticas en aulas de informática	Avaliaranse conxuntamente os exercicios que se desenvolverán na propia aula de informática e as prácticas autónomas a través de TIC.	15
Prácticas autónomas a través de TIC	Avaliaranse conxuntamente os exercicios que se desenvolverán na propia aula, as prácticas de laboratorio e as prácticas autónomas a través de TIC	0
Actividades introductorias		0
	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado: farase un test de nivel de lingua alemá e de tradución.	
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Consistirá na tradución dun texto que abordará varios temas estudados ó longo do semestre (aprox. 250 palabras). O exame constará de 2 partes: nunha primeira parte a tradución se efectuará con todo tipo de obras de consulta, sen ordenador e acceso a internet; nunha segunda parte tamén se poderá utilizar como material de apoio as fontes de información dispoñibles en internet.	40
Probas de autoavaliación	Teñen como finalidade comprobar o desenvolvemento da propia aprendizaxe.	0

Outros comentarios sobre a Avaliación

A condición para ser avaliada (avaliación continua) será a asistencia a un 80% das aulas. Levarase un control de asistencia mediante folla de sinatura. Se algunha persoa non pode cumprir esta condición, deberá comunicarllo á profesora argumentadamente.

A opción pola avaliación continua implica a renuncia á avaliación única. A/o alumna/o deberá notificarllo á docente por escrito nas dúas primeiras semanas de clase. Se por causa de forza maior (traballo, enfermidade...) a/o alumna/o non puidese seguir o sistema de avaliación continua a pesar de escoller esta opción, poderá acollerse á avaliación única, sempre e cando llo comunique á docente e xustifique tal circunstancia documentalmente.

A alumna e o alumno que non supere a materia e teña que acudir á convocatoria de xullo, debe superar un exame (características: cf. avaliación única) para todos os contidos da materia.

Ao longo de toda a avaliación penalizarase a copia e o plaxio.

Avaliación única:

O alumnado que non se acolla á modalidade de ensino presencial (avaliación continua) poderá presentarse ao exame oficial da materia que terá lugar na última ou penúltima semana do curso. A data fixarase antes de rematar o mes de abril; farase pública na plataforma da materia (Faitic) na sección "Anuncios".

O exame final incluírá cuestións teóricas e prácticas relativas ao total dos contidos abordados ó longo do semestre. A nota mínima que se require para superar esta proba é un 5 sobre 10.

O exame constará de 2 partes: nunha primeira parte a tradución efectuarase con todo tipo de obras de consulta, sen acceso a internet; nunha segunda parte tamén se poderá utilizar como material de apoio as fontes de información dispoñibles en internet.

Os exercicios do exame entregaranse en papel. O exame constará dun exercicio de tradución de entre 250 e 300 palabras así como dunha revisión.

O alumnado debe comunicarlle á profesora o tipo de avaliación polo que optará ata pasado 2 semanas despois da matrícula, ou en calquera momento do curso por causas de forza maior (traballo, enfermidade...).

Bibliografía. Fontes de información

Briese-Neumann, G (1999): Geschäftsbriefe zeitgemäß und sicher schreiben. Niederhausen/Ts.: Falken Verlag.

García Cancela, Carlos e Díaz Abraira.1994 (2ª ed.). *Manual de linguaxe administrativa*, Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública.

Hesse, Jürgen/Schrader, Hans Christian: Die perfekte schriftliche Bewerbung: Formulierungshilfen und Gestaltungstips für Anschreiben und Lebenslauf. Frankfurt am Main: Eichborn exakt, 1998.

Hurtado Albir, A. (2001): Traducción y traductología. Introducción a la traductología. Madrid: Cátedra.

Wieland, Joachim (2000). Arbeitsmarkt und staatliche Lenkung. Berlin: Walter de Gruyter.

Lecturas obrigatorias:

Ó longo do semestre depositarase na plataforma TEMA bibliografía complementaria.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209

Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Alemán-Galego/V01G230V01943

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Traballo de Fin de Grao/V01G230V01991

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tradución idioma 2, III: Alemán-Galego/V01G230V01613

Outros comentarios

Para poder cursar con aproveitamento esta materia, é recomendable ter acadado o nivel B2,2 en alemán. O alumnado deberá ir ampliando os seus coñecementos de lingua e cultura alemás de maneira autónoma para acadar polo menos o nivel C1.1 ó remate do semestre.